



QUOKKA MOKA
MARÍA SOLAR
Edicións Xerais. Vigo, 2019
12,50

Quokka Moka do outro lado do espello

Nos últimos anos María Solar tense consolidado como un dos nomes de referencia na escrita tanto infantoxuvenil coma de adultos ou institucionalizada. Varios dos seus títulos son xa cita indispensable na nosa escrita destes lustros e, como tal, foron reeditados abundantemente e traducidos a diversas linguas. *A verdadeira historia da mosca da tele* (2012), *Teño uns pés perfectos* (2015), *O meu pesadelo favorito* (2015) ou o recente *Os nenos da varíola* (2017) son boas mostras desta positiva acollida por parte de público e crítica.

Aos libros anteriores súmase agora *Quokka Moka*, narración que aparece na Colección Merlín de Xerais con ben coloristas e atractivas ilustracións de Víctor Rivas.

Quokka, como o seu propio nome indica, é unha sorte de marsupial, un canguriño pequecho do tamaño dun gato que, como todos os da súa especie, ten a singular característica dun rictus moi expresivo, que fai que semelle estar sorrindo a perpetuidade. Tanto pola súa morfloxía coma, sobre todo, polo seu aspecto riseiro os quokkas transmiten a aparencia de seres 'adorables', que presta axeitar no colo. Mais Quokka ten un xenio do demo, é rabechudo, ten moi mala idea e bota o día fastidiando a todo o mundo. Iso si, sen perder o riso. Velai a contradición: o paradoxo do que parece, pero non é, que é o tema principal desta historia.

No vieiro da Alicia de Carroll, tamén Quokka Moka terá que afrontar unha viaxe iniciática a un outro mundo, o antiuniverso, onde todo parece acontecer ao revés.

Este escenario favorece a lectura conceptual do relato, pois por medio dunha trama moi divertida e amena, chea de humor e momentos hilarantes, debrúzasenos de fondo cunha cuestión abondo transcendente: que é o *normal*? Quen fixa as regras de como debe ser a nosa etoloxía social? Máis aínda: ata que punto esas normas teñen sentido e son inamovibles?

De por parte, *Quokka Moka* é tamén unha fábula da superación e medre persoal, da capacidade de xerar empatía e da confirmación dos valores da amizade e a solidariedade, da consideración respectuosa do outro e da aposta pola comprensión do familiar e amigable.



María Solar

Escrito con abraiante frescura, o relato de Solar lostreguea nos diálogos vivaces, serpea con admirable economía de recursos nas descrições e consegue un fraseo narrativo de impecable mecano, o que fai desta obra un texto de lectura máis que agradecida, diáfana, transparente e ao transversal alcance dunha franxa etaria e tipoloxía lectora moi ampla.

As aventuras de Quokka Moka a carón do seu amigo espectral, o sapo Roco, e mais da súa avoa na procura do amor quokko serven tamén a Solar para deslizar habelenciosamente unha outra reflexión socio-

lóxica que conecta esta historia con *The Truman Show*, o filme de Peter Weir, o que incide no carácter parabólico dunha trama ideada para que os pequenos máis miúdos e, tamén si, os pequenos grandiños nos poñamos a pensar en como cremos que somos, como nos ven que somos e como somos *realmente*.

Entretida, chea de momentos e pasaxes memorables e de moi agradable lectura, *Quokka Moka* é unha das obras máis suxestivas dos últimos tempos e confirma a María Solar como un valor ben sólido da nosa narrativa actual.